

RESOLUCIÓN REITORAL DO 24 DE FEBREIRO POLA QUE SE ANUNCIA A CONVOCATORIA DE CATRO BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO COA ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Co fin de proceder a formación do estudantado da Universidade de Vigo, faise pública a convocatoria de catro bolsas de colaboración cuxo obxectivo é o de colaborar no desenvolvemento das tarefas da Área de Normalización Lingüística (ANL) durante o ano 2014.

De acordo con todo o indicado, esta reitoría:

En virtude das facultades que lle outorgan a a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro modificada pola Lei 4/2007 do 12 de abril, de universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade, e de acordo coa resolución do 5 de setembro de 2011 de delegación de competencias.

RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de bolsas colaboración para a formación complementaria do estudantado coa Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria nos taboleiros de anuncios dos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.
3. Os fondos destinados ao pagamento destas bolsas corresponderán á aplicación orzamentaria 20140000421SNLI 482.11 (Bolsas Normalización Lingüística).
4. As solicitudes para participar na presente convocatoria axustaranse ao modelo que figura no anexo e estarán dispoñibles en calquera dos rexistros e no seguinte enderezo web: <http://anl.uvigo.es/>. O prazo de solicitude rematará ás 14.00 horas do 13/03/2014.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicarse a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, segundo o disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



O reitor


Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data nos rexistros desta universidade.

Vigo, 24 de febreiro de 2014

A secretaria do reitor

Carmen Estévez Caamaño



BASES DA CONVOCATORIA

1. OBXECTO

O fin destas bolsas é facilitar que o estudiantado da Universidade de Vigo preste, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, a súa colaboración coa ANL no acompañamento das campañas de dinamización lingüística e actividades de formación e en labores de implantación efectiva do Plan de normalización lingüística da Universidade de Vigo.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Estas bolsas están destinadas ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado no curso 2013/2014 que realiza estudos conducentes a obter títulos oficiais.

Cada aspirante á bolsa deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser estudante na Universidade de Vigo de Filoloxía Galega, Grao en Estudos de Galego e Español (itinerario lingua galega e española/lingua e literatura galega), ou de Tradución e Interpretación (Lingua A: galego) no curso 2013/2014 e ter cursados, polo menos, o 50 % dos créditos totais da titulación.
- b) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da UE.

3. INCOMPATIBILIDADES

O goce desta bolsa de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións con cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

Esta bolsa é incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada pola Universidade de Vigo. Ademais o estudiantado non poderá gozar dunha bolsa co mesmo obxecto «formación complementaria dos estudantes da Universidade de Vigo», por un período superior a vinte e catro meses, de forma consecutiva ou descontinua, este límite terase en conta no momento de avaliación dos méritos.

O cómputo do tempo da persoa bolseira farase por meses completos, se a bolsa se inicia antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite dos vinte e catro meses.

No caso de que a persoa bolseira goce doutra bolsa distinta ás de axuda ao estudo deberá solicitarlle ao reitor a súa compatibilidade. No caso contrario poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira ao que se refire esta normativa.

4. DURACIÓN

A bolsa rematará o 30 de novembro cunha duración máxima de oito meses. O número de horas de colaboración será de 15 horas semanais.

5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica mensual bruta de cada bolsa será dun máximo de 450 euros e estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

O pagamento efectuarase por períodos mensuais vencidos, tras o informe do director da Área de Normalización Lingüística e sempre que o beneficiario/a estea ao corrente cos seu pagos de matrícula coa Universidade. Será efectivo a partir do día 15 do mes seguinte.

O importe do crédito orzamentario retido desta nova convocatoria de bolsas ascende a 15511,04 € (14400 € por dotación bruta das bolsas e 1111,04 € en concepto cota patronal). Os fondos destinados a esta acción irán con cargo á aplicación orzamentaria 20140000421SNLI 482.11 (Bolsas Normalización Lingüística).

A bolseira ou bolseiro recibirá en concepto de axuda para a súa formación a cantidade que se aboará no número de conta indicado na ficha de pagamento.

6. DOCUMENTACIÓN

Cada solicitante deberá acompañar obrigatoriamente a seguinte documentación no momento de presentar a solicitude:

- Impreso de solicitude.
- Fotocopia do DNI ou equivalente para nacionais de países membros da UE.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Resgardo de matrícula do curso 2013/2014
- Certificación académica dos estudos universitarios realizados ata o momento onde figuren as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número exacto de convocatorias utilizadas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada).
- Currículo acompañado coa documentación acreditativa.
- De ser o caso, xustificantes das bolsas distintas ás de axuda ao estudo.
- Ficha de pagamento (residentes).

Os impresos de solicitude áchanse ao dispor das persoas interesadas no seguinte enderezo electrónico <http://anl.uvigo.es/> e no Negociado de Información da Universidade, no rexistro xeral (edificio da Reitoría do Campus de Vigo) e nos rexistros auxiliares (edificio anexo EU de Estudos Empresariais-EUET Industrial (rúa de Torrecedeira), EUET Forestal do Campus de Pontevedra no Edificio Administrativo do Campus de Ourense).

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Esta convocatoria permanecerá aberta dende o día seguinte de publicarse esta resolución ata as 14.00 horas do día 13 de marzo de 2014.

As solicitudes dirixiranse ao reitor e presentaranse en calquera dos rexistros da Universidade (rexistro xeral da Universidade de Vigo (Servizos Centrais no Campus de Vigo), rexistro auxiliar de Vigo (edificio anexo a EUET Industrial-EUE Empresariais (rúa de Torrecedeira), no rexistro do Campus de Ourense (Edificio Administrativo), no rexistro do Campus de Pontevedra (EUET Forestal) ou por calquera dos xeitos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez recibidas as solicitudes establécese un prazo de tres días naturais para emendar erros e achegar documentación a partir de que se publique a listaxe de persoas admitidas e excluídas.

8. SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS

O proceso de selección realizarase por unha comisión de avaliación formada pola comisionada para a Coordinación Interna da Universidade de Vigo quen a presidirá; o director da Área de Normalización Lingüística e a técnica superior de normalización lingüística.

Valoración de solicitudes

A comisión de avaliación examinará o seu expediente académico e avaliará os méritos achegados. Valorarase o coñecemento de linguas de traballo da Unión Europea, así como o manexo de medios electrónicos e dixitais, internet e correo electrónico (terase moi en conta a familiaridade cos programas estándar para elaborar páxinas web). Na selección consideraranse, ademais dos requisitos administrativos, todos os méritos académicos e científicos achegados por cada aspirante.

Criterios de valoración e baremos

- Expediente académico: 40 %
- Formación xenérica relacionada coa lingua galega: 20 %
- Coñecementos informáticos: 20 %
- Entrevista persoal: 20 %

A entrevista persoal realizarase coas persoas que acaden a puntuación máis alta na avaliación dos méritos. A comisión de selección decidirá o número de persoas que serán entrevistadas.

Logo de rematar o proceso de selección publicarase a listaxe provisoria de concesión das bolsas de acordo coa puntuación obtida nos taboleiros de anuncios dos rexistros da

Universidade de Vigo. Fixarase un prazo de tres días hábiles dende a publicación da citada resolución para que os/as candidatos/as poidan presentar as alegacións que consideren oportunas.

Unha vez transcurrido este prazo e logo de valorar as posibles reclamacións, a Comisión trasladaralle unha proposta definitiva de resolución ao reitor da Universidade de Vigo. As persoas que non resultasen beneficiarias da bolsa quedarán en listaxe de agarda para suplir posibles incidencias.

Os beneficiarios e beneficiarias da bolsa recibirán un correo electrónico en que se indicará o lugar, data e hora para adxudicarlles as bolsas, se é o caso.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As bolsa e bolsiros propostos presentaranse na Área de Normalización Lingüística no día, lugar e hora indicados na resolución definitiva. Unha vez transcurrido este prazo, entenderase que se alguén non se presenta renuncia aos beneficios da bolsa e o seu posto será ocupado polo/a seguinte solicitante que figure na listaxe de agarda.

A aceptación da bolsa farase mediante un documento asinado pola beneficiaria ou beneficiario no cal se comprometerá a cumprir todas as condicións recollidas nestas bases.

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito e comunicada á Área de Normalización Lingüística tan axiña como se produza a causa que a determine.

10. OBRIGAS

As persoas que se beneficien da bolsa teñen a obriga de:

- Cumprir o horario de 15 horas semanais distribuídas de acordo coa dirección da Área de Normalización para seren compatibles cos seus horarios lectivos (o incumprimento sen xustificación clara carrexará a finalización inmediata da bolsa).
- Estar matriculadas na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa para poder manter a súa condición de bolsiro/a.
- Tamén deberán remitir, nas datas que se establezan, cadanseus informes do traballo realizado e dos resultados obtidos.

11. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión destas bolsas e a permanencia na listaxe de agarda pode ser revogada polos seguintes motivos e suporá, de ser o caso, o reintegro por parte das partes beneficiarias das cantidades incorrectamente aboadas:

- Incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.
- Perda de condición de universitario/a durante o período de goce da bolsa.
- Ocultación de datos, alteración ou calquera manipulación da información

solicitada.

- Incompatibilidade da bolsa segundo o punto 3 desta convocatoria.
- Incumprimento de desenvolvemento das actividades propias da bolsa logo do informe desfavorable do director.

12. ADICIONAIS

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas polo director da Área de Normalización Lingüística e incluso calquera reclamación ou queixa que queira presentar un bolseiro ou bolseira.

O goce da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condición de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación...» tras publicarse no BOE do 27 de outubro, respecto á alta na Seguridade Social.

As persoas bolseiras non adquiren ningunha relación contractual administrativa ou estatuaría coa Universidade de Vigo, nin a bolsa implica compromiso en canto á posterior incorporación das persoas interesadas aos cadros de persoal da Universidade.

FICHA PERSOAL DE PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA

DATOS PERSOAIS (datos que debe cubrir a persoa interesada)

Número de CIF ou NIF (achéguese a copia):

Nome da persoa perceptora:

Nome comercial:

Enderezo fiscal:

Código postal:

Poboación:

Teléfono fixo/móbil:

Selo da empresa (se procede): Sinatura:

DATOS BANCARIOS (datos que debe cubrir a entidade bancaria)

CÓDIGO CONTA CLIENTE											
IBAN											
E	S										
<small>(cúbranse todos os díxitos do IBAN)</small>											
Enderezo do banco:											
Poboación:											
Código postal:											
Teléfono:											
Fax:											
Sinatura:											

SOLICITUDE

Datos persoais

Apelidos:	
Nome:	DNI:
Enderezo postal:	
Localidade:	Código postal:
Provincia:	Teléfono:
Enderezo electrónico:	Teléfono móbil:

, de 2014.

(Sinatura)

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

- Fotocopia do DNI ou equivalente para nacionais de países membros da UE.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación académica dos estudos universitarios realizados ata o momento onde figuren as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número exacto de convocatorias utilizadas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada).
- Currículo acompañado coa documentación acreditativa.
- Ficha de pagamento (residentes)